



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

DECRETO

ASUNTO: APROBACION DE BASES TECNICOS DE TURISMO - DEPUTACION 2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/000130

ANTECEDENTES:

Á vista da subvención concedida pola Deputación Provincial para contratación de persoal para oficina de Turismo (Expediente 2021000002958) na resolución R.P. 15.021/2021 de data 19/04/2021.

Considerando o disposto no artigo 21.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta alcaldía acorda:

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous/dúas técnicos/as de información turística, que de seguido se indican:

BASES ESPECIFICAS PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL EVENTUAL DE DOUS/AS TÉCNICOS/AS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A contratación en réxime laboral eventual mediante a modalidade de contrato de duración determinada, a tempo completo durante un período de CINCO MESES E MEDIO, de dous/as traballadores/as para desenvolver tarefas de Información turística na Oficina de Turismo dependentes do Concello de Fisterra con cargo á subvención a estes efectos concedida pola Deputación Provincial.

2. CONCEPTO

Os/as Técnicos/as de Información Turística son profesionais que teñen a oportunidade dun contacto privilexiado cos turistas, dando a coñecer o patrimonio natural e cultural do lugar, as súas tradición e teñen a responsabilidade de transmitir non só una información ampla e fiable senón tamén de despertar neles o respecto e a paixón polos lugares onde desenvolven a súa actuación.

Este profesionais deben posuír una titulación específica, polo xeral emitida ou recoñecida polas autoridades competentes.

3. FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO.

- Informar aos turistas e visitantes sobre os recursos turísticos e os atractivos que existen, así como proporcionarlles calquera información ou aspectos que sexan de interese.
- Informarlles sobre os roteiros existentes e os lugares de visita e puntos de interese, proporcionándolles información actual, precisa e detallada sobre os mesmos.
- Orientar e asesorar aos turistas, con recomendacións útiles e prácticas, para que se atopen cómodos e seguros no lugar.
- Elaborar ficheiros de datos, informes e estadísticas de número de visitas, nacionalidades dos visitantes, idade e calquera aspecto que sexa de utilidade para a mellora da calidade do servizo prestado.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

- Preparación da información que se ofrece (folletos, mapas, guías, material audiovisual, etc.), organizando o mesmo, co fin de que sexa asequible e comprensible polos usuarios.
- Transmitirlles os valores, costumes e tradicións do sitio, para comprender mellor a identidade cultural e o pluralismo étnico dos pobos.
- Calquera outra actuación tendente á creación e fortalecemento da conciencia turística da poboación en aspectos referentes a protección, conversación e vixilancia do patrimonio cultural, arqueolóxico, natural e social.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias dirixiranse ao Sr Alcalde do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 14.00 horas, situado na rúa Santa Catalina, 1, (15155) Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de Cinco (5) días hábiles contados a partires do seguinte ao da súa publicación na páxina web do Concello de Fisterra (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal).

5. REQUISITOS.

- a) Ser maior de dezaioito anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos. Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente, Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente, Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado, Doble grao en Ciencias Empresarias e Turismo; Grao ou licenciatura en Historia da Arte; Grao ou licenciatura en Humanidades; Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio; Grao ou licenciatura en Historia.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do posto. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no se Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/54, do 26 de decembro, do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

6. DOCUMENTACIÓN

A instancia para participar na presente selección, conforme ao modelo que figura no Anexo I que se acompañará a esta documentación.

- a) Copia do documento nacional de identidade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

- b) Copia do título ou formación esixida para cubrir a praza.
- c) Copia da acreditación do idioma galego (Celga 3 ou equivalente).
- d) Copias dos méritos que se pretendan alegar relacionados co posto da convocatoria.

A experiencia profesional acreditarase coa presentación do correspondente informe de vida laboral actualizado e os contratos de traballo ou nóminas.

Non se tomarán en conta nin serán avaliados os que non sexan debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento de presentación das solicitudes.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do/a interesado/a, e sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Na instancia deberá facerse constar que se cumpren, todos e cantos requisitos son esixidos nesta convocatoria.

7. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicaranse na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listaxes, as persoas aspirantes disporán dun prazo de Dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da citada resolución.

8. LISTAXE DEFINITIVA

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nas mesmas canles a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como o lugar, data e hora de realización do procedemento selectivo, e a composición da Comisión de Selección.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego esixida (Celga 3), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba oral, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

9. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Estará constituída da seguinte forma:

- Presidente/a: Un/a funcionario/a ou persoal laboral fixo o servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior a requirida para o acceso a praza.
- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario/a do Concello en quen delegue (actuará con voz pero sen voto).
- Vogais: Tres, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e que sexan funcionarios/as ou persoal laboral fixo o servizo das Administracións Públicas.

10. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

A selección realizarase en dúas fases: valoración de méritos e fase de oposición.

Primeira: Valoración de méritos. Máximo de 4 puntos

Valoraranse os seguintes méritos, conforme aos baremos que se indican:

1. Cursos formativos: relacionados coas tarefas que se van desenvolver: ata un máximo de 2 puntos:

- Cursos específicos en materia de turismo:

De menos de 40 horas de duración: 0,25 puntos cada un.

De máis de 40 horas de duración: 0,5 puntos cada un.

2. Experiencia profesional: ata un máximo de 2 puntos:

- Servizos prestado como Guía turístico, na Administración Pública: 0,20 puntos por cada mes de servizo.

- Servizos prestados como Guía turístico, monitor ou similar para axencias e entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes de servizo.

Segunda: Fase de oposición, ata un máximo de 6 puntos

1. Consistirá nun test de 20 preguntas con 4 respostas posibles cada una, e só una correcta. O temario versará sobre o Plan Estratéxico Municipal de Turismo. Máximo 2 puntos (0,1 puntos por pregunta correcta).

2. Consistirá na elaboración dunha visita guiada a un punto de interese turístico do Concello, que se determinará co tribunal correspondente. Máximo 2 puntos.

3. Proba de manexo do idioma inglés. Será una conversa nun tempo máximo de 5 minutos sobre temas turísticos. Máximo 2 puntos.

Unha vez que rematen as dúas fases de selección, a Comisión de Selección propondrá o nomeamento dos/as aspirantes que obtivesen maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os/as demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

No caso de empate entre as persoas aspirantes, aplicaranse a efectos de desempate, os seguintes criterios:

- 1.- Puntuación acadada na fase de oposición.
- 2.- Puntuación acadada na fase de concurso.
- 3.- Puntuación no apartado 2 da fase do concurso.

11. NOMEAMENTO

Os/as seleccionados/as disporán de dous (2) días hábiles desde a proposta de nomeamento para presentar na Secretaría do Concello a documentación acreditativa de que se cumpren as condición que se sinalan no apartado 6º das presentes bases.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte a súa notificación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

A Comisión de Selección queda facultada para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

12. RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimaen destas, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e coa forma que se prevé na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I - SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Apelidos e Nome			
DNI		Data Nacemento	
Enderezo			
Código Postal		Municipio	
Teléfono		email	

DECLARO:

Ter coñecemento do contido das bases para a contratación en réxime laboral eventual de 2 Técnicos/as de Información Turística, aceptar na súa totalidade o contido das ditas bases e cumprir coa totalidade dos requisitos establecidos nas mesmas.

SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo de acordo cos termos establecidos nas bases que regulan o mesmo, acompañando a tal efecto os documentos esixidos nas mesmas e acreditación dos méritos alegados.

Fisterra, ___ de ___ de 2021

Asdo. ___”

SEGUNDO: Visto o informe emitido polo secretario-interventor accidental, de data 27/05/2021, que consta no expediente de natureza desfavorable, faise necesario levantar as observacións realizadas en base ao seguinte:

- No que toca coa publicación das bases, e tendo en conta que se publican na páxina web municipal (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) queda superada a limitación territorial que ofrecía a exposición no taboleiro de edictos tradicional e queda garantida a maior publicidade, ao ter acceso á devandita publicación a poboación en xeral.
- Polo que respecta aos prazos de presentación de instancias, faise obrigado reducilos de 10 a 5



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2021/G003/000130

días hábiles, para dispoñer dos técnicos de turismo durante a tempada de verán, na que existe un certo volume de traballo.

TERCEIRO. Publicar as bases na páxina web do Concello e no taboleiro electrónico coa finalidade de que os interesados/as en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte ao día seguinte a publicación das bases na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a xoves 27 de maio de 2021 , do que eu, como secretario, de que certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

Juan Carlos Carril Pérez